PAU 2026

CONVOCATORIA ORDINARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FUNDAMENTOS ARTÍSTICOS

(Cód. 55)

Esta proba atenden ó apartado sétimo, "Características dos exercicios", recollido na Resolución do 3 de febreiro de 2026, publicado no DOG do 16 de febreiro do 2026.

Nese apartado sétimo recóllese o seguinte:

Punto 2. …. "*Preferentemente, as preguntas* ***contextualizaranse en contornos artísticos,*** *científicos,* ***humanísticos*** *e tecnolóxicos e en contornos próximos á vida do alumnado."*

Punto 3. "*Cada exercicio conterá necesariamente* ***preguntas abertas*** *e semiconstruídas que requirirán do alumnado creatividade e* ***capacidade de pensamento crítico, reflexión e madurez na súa resolución.***"

O exame é, polo tanto, **competencial** e deseñase como un *instrumento* no que se integren e valoren coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes nas que o estudante resolva problemas de aplicación funcional.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PROBA

A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas tamén positivamente, de forma global, ata un máximo de **1 punto.**

PREGUNTA 1. Bloque 2. Visión, realidade e representación. (Ata 4 puntos).

1.1. *Lea atentamente o seguinte texto e explique o sentido da arte na obra artística de inicios do século XX.* **(2 puntos).**

Terase en consideración o seguinte:

- Comprensión da cita de Gino Severini, ata 0,5 puntos.

Diferenza entre a tendencia clásica e o pensamento postimpresionista de Cézanne.

Comprensión da evolución da representación da natureza no impresionismo e no postimpresionismo.

- Identificación e explicación das características do impresionismo e o postimpresionismo, ata 0,75 puntos.

Principais características do impresionismo e o postimpresionismo.

Relacionar as características do impresionismo e/ou o postimpresionismo co texto de Severini. Capacidade de análise e reflexión.

- Exemplos de artistas, ata 0,5 puntos.

Inclúe exemplos relevantes de artistas impresionistas e postimpresionistas.

- Claridade expositiva, cohesión e estilo na redación, ata 0,25 puntos.

1.2. *Sendo vostede guía en prácticas na Barnes Collection en Filadelfia, debe explicar a paisaxe no postimpresionismo a un grupo de turistas xaponeses, perplexos ante a obra La Montagne Sainte Victoire, de Paul Cézanne.* **(2 puntos)**

Terase en consideración o seguinte:

- Comprensión e análise visual da obra, ata 0,75 puntos.

Expoñer as principais características da obra pictórica.

Identificar elementos clave, como a simplificación e a xeometrización das formas, así como a influencia do impresionismo e do xaponismo na configuración do cubismo posterior.

- Contextualización histórica e artística, ata 0,5 puntos.

Destacar a obra dentro do movemento postimpresionista e a relación co arte precedente e o posterior.

Sinalar a importancia da obra de Cézanne na evolución cara ó cubismo.

- Reflexión crítica e análise conceptual, ata 0,5 puntos.

Reflexiona sobre o significado e a innovación da obra.

Comentar as emocións ou sensacións que a obra pode provocar no espectador.

- Claridade expositiva, cohesión e estilo na redación, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 2. ARTE E EXPRESIÓN. (2 puntos)

Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de Eugène Delacroix. Analice as súas características estilísticas. Engada algún autor ou autora que pertenza ao mesmo movemento.

- Características do Romanticismo e características formais da obra, ata 0,75 puntos.

- Contextualización movemento, ata 0,25 puntos

- Tratar a obra de Delacroix e citar dúas obras, ata 0,5 puntos.

- Citar outros artistas relacionados, ata 0,25 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 3. **VISIÓN, REALIDADE E REPRESENTACIÓN. (2 puntos)**

Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de Marcel Duchamp. Analice as súas características estilísticas. Engada algún autor ou autora que pertenza ao mesmo movemento.

- Describir as características formais presentes na obra dentro cos estilos artísticos correspondentes ás primeiras vangardas do século XX. Relacionar con algún dos movementos artísticos na obra do autor: Dadaísmo, ready-made, cubismo ou futurismo e características formais da obra, ata 0,75 puntos.

- Contexto histórico-social da obra, ata 0,25 puntos.

- Analizar a obra de Duchamp e citar dúas obras, ata 0,5 puntos.

- Citar outros artistas relacionados, ata 0,25 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 4. **OS FUNDAMENTOS DA ARTE. (2 puntos)**

Atendendo ao contido simbólico e á diferenza de percepción entre a época das obras propostas e a actualidade, compare unha delas con obras doutros autores ou autoras, aínda que sexan de diferentes disciplinas artísticas:

4.1. Recontre de Cavaliers Maures de Delacroix. (2 puntos)

4.2. Nu descendent un escalier nº2 de Duchamp. (2 puntos)

Tras a elección da cuestión a desenvolver valorarase a exposición clara das ideas, segundo os seguintes criterios:

- Comparación con outros autores, ata 0,5 puntos.

- Relacións con aspectos da actualidade, ata 0,25 puntos.

- Emprego de terminoloxía específica da arte, ata 0,5 puntos.

- Aportacións persoais, ata 0,5 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

Santiago de Compostela, 5 de xuño, 2026.